



UN DÍA 24 DE FEBREIRO NACEU ROSALÍA DE CASTRO

O 24 de febreiro de 2016 cúmprese 179 anos do nacemento de Rosalía de Castro, dende a Concellería de cultura do Concello de Boiro organizáronse unha serie de actividades para traballar na difusión dunha figura, dunha obra e dun pensamento con forte vixencia na actualidade.

Rosalía de Castro é non só a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas senón que marcou o camiño a seguir ao iniciar o proceso de recuperación de usos do galego. A publicación do seu libro Cantares Gallegos, o primeiro escrito íntegramente no noso idioma, sinala o inicio da restauración do uso escrito do galego e o final de séculos de silencio e esquecemento.